

O TIO MARCOS D'A PORTELA



*Os mandamentos d'o MARCOS
fora d' airexa, son seis:
facer á todos xusticia,
non casarse con ninguen,
falar o gallego enxebre,
cumprir c'eo que manda a ley,
loitar pol o noso adianto
con antusiasmo e con fé,
vestir calzós e monteira
peromnia sécula amen.*

*Teñen os pobos a gala
n-o seu lenxoaxe falar:
fálase chino n-a China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña,
e n a Alemania, aleman,
soilo os gallegos d' agora
hastra vergonza lles dá
falar a melosa e dolce
fala que falan seus pais.*

PARRAFEOS C' O POBO GALLEGOS

Ano séutimo

Ourense 19 de Xullo de 1885

Parrafeo oitenta e sete

COMO PAGA O DEMO Á QUEN-O SIRVE.

I

N-os comenzos d' este sigro, a parroquia de San Miguel d' o Campo alcontrábase rexida por un señor abade xa muy vello, poistíña noventanavidás riba d' o lombo, y-o señor abade tiña un sancristan que lle levaba a dianteira en anos.

Ambos e doulos vellos tiñan as suas chocheiras. O señor abade inda non ben acababa de misar, púñase á tomar o chocolate n-a sancristía, pois de non tomalo non tería forzas pra volver á reitoral, porque se ll' esvaia o estómago, e tiña que ll' o facer o sancristan, pol-a mor de que a señora ama que andaba tamén escontra as ancollas, sempre chegaba tarde.

Non se queixaba o sancristan d' o traballo, pois á Dios gracias gabábase de se rexir pol-a sua mau, d' andar lixeiro como si fora mozo, e de non sentir, en pouco nin en moito, o peso d' os seus noventa e piques, pois xa perdera a conta d' os anos que tiña, canso de botala pol-os dedos e de facer memoria d' os tempos d' a infancia. Pero si non daba queixas pol-o traballo, rosmaba como un can de palleiro por se ver n-o caso, sendo membro d' a eirexa con merecementos d'

abondo, pois *nacérانlle os dentes entr' os santos*, o empregase o señor abade con tan poucos escrúculos, e sin cirimonias n-o compremiso de facer de cociñeiro. ¡Aquel púñao d' un xenio enrabetado! Cando él coidaba que o iban á nembrar calóndrigo d' unha catedral—porque leera n-un libro que se fan os calóndrigos d' os qu' envellecen n-o servizio d' as parroquias--verse n-o caso d' alcender o lume n-un curruncho d' a sancristía, de s' eslumir á coidados pra que a leite non se puxese aceda, e de lle dar voltas e revoltas ó morenillo pra que o chocolate saise ben feito, era pr' él o mais grande d' os sacrificios, a mais croel d' as agunías, o desconsolo mais fondo. Moitas veces tivo mentres de s' arrepoñer, de lle falar en prata ó señor abade, de s' esquecer d' as campañas e d' os santos e de se meter n-a sua chouza, inda que n-ela morrese á mioca; mais sempre viña ó caso esgurrichal-as vinaxeiras, e de cando en vez cadraba probar o viño c' o gallo de saber si tiña pique, e n-as pinguiñas alcontraba o sancristan o sacreto pra escorrentar as tristuras. «Teñamos pacencia, decía pra contra sí; este picaro mundo témolo qu' ir pasando á tragos e non é xusto perder por unha arrautada os servicios de tantos anos. Xa non lle rixe a cabeza ó señor abade. ¿Qué sería d' él si se vise n-as maus

d' un sacerdostan novo?» Ademais, ben mirado non había razon pra s' anoxar, pois á forza de devanar os meolos, sacaba en limpo que o facer o chocolate n-a sacerdistia pra un señor abade tan vello y-acabadiño, non pasaba de ser unha obra de misericordia, e n-o tocantes ós escrúulos que sentía o seu amor propio porque o tomasen por cociñeiro, jarrenégote demo! á ninguén se lle pasaría pol-as mentes, porque nin os cociñeiros facian chocolate n-as sacerdistias, nin deixaría de ser en ningures o facelo mais q' unha caste de *cociña eclesiástica*, cousa que non desdecía n-un sacerdostan, afeito dende pequeniño ó governo d' as cousas íntimas d' a casa de Dios.

Por un si acaso, n-as contas que botaba o sacerdostan non s' esquecia de levar pra sí unha farrangulla de chocolate; pero como n-o camiño d' a perdition van os homes mais apresa d' o que deben, o xefe d' a sacerdistia de San Miguel d' o Campo, escomenzou por rillar un anaquiño d' a castaña d' o chocolate, e tan ben lle sabía, caía tan de fuciños n-a tentacion, que concruíu por rillala metá por metá. Non que non; ¡pra qué logo Noso Señor lle conservaba ós seus noventa e piques os dentes n-as encías?

O señor abade, que anque perdera os dentes gardaba us ollos avisados y-un paladar refinado, foi caindo n-a conta d' as contas d' o sacerdostan, e non se sabe si se deprocataou de que ll' a xogaba tomándolle o chocolate *en seco*, á xuzgar pol-o mollado qu' él o tomaba, e cando de calar estreveuse á darlle as queixas.

O sacerdostan viu a *tostada* d' o dito e comeu na, respondéndolle solamentres «que se levaría d' o chocolate.»

Non lle compraceu ó dito ó señor abade, pero tamén comeu a partida, agardando á collelo *infraganti* n-aquela *pecata minuta*.

A boa parte iba c' o sacerdostan, qu' era d' os maiores marrulleiros que alcendían velas e repinicaban campás n-as feigresías d' a nosa terra.

Dende aquela, en acabando de rillar o chocolate botaba un trago d' auga pra que non quedase nin rastro nin cheiro n-a boca.

—Bótame o alento —dixolle de súpito unha maña o señor abade. O sacerdostan botoullo, e pra pue vise o señor abade que non ll' as daba, foise ó curruncho d' a sacerdistia, colleu a chocolateira e dixolle cuasque enrabechado: «Dispense, señor abade, dispense e perdone; cando se ll' antoxe saber por onde anda o seu chocolate, pidame a chocolateira e non me pida qu' lle bote o alento.»

—Tí érel-o demo, home —repricoulle o señor abade. —Vaya que por pouco t' anoxas!

Dixolle aquello pra non escorrental-a lebre, convencido de que as lebres de sacerdistia non can n-a trapa; pero fixo mentres de lograr pol-as indireutas que non volvese ó bezo d' o chocolate.

Ansí foi que por unha tempada estivo dicindolle ó sacerdostan dempois de se desauniar: «Hoxe rezámosselle á santa Crara.»



(De Gustavo A. Becquer.)

(TRADUCTION D' O CASTELAO).

Porque son, nena, os teus ollos
verdes com' o mar, tés pena:
verdes téñennos as náyades,
verdes tívochos Minerva
e verdes son as pupilas
conque soñan os profetas.

O verde é gala e feitizo
d' os vals pol-a primaveira,
o verde n-ós sete coores
refulxe d' o arco d' a vella;
as esmeiraldas son verdes,
verde o coor d' o qui' espera,
verdes as olas d' os mares
y-os loureiros d' os poetas.

Son as tuas meixelas páledas
rosas d' orballo cobertas
en qu' a grana d' as follíñas
ves' asomar entr' as pelras.

E, sin embargo,
sei que te queixas
porq' os teus ollos
crees que t' afean.

Pois non-o creas
porque son as tuas pupilas
húmedas, verdes e inquietas
mainiñas frores d' albahaca
qu' ó sopro d' os aires treman.

Parés, nena, a tua boquiña
roxa granada entraberta,
qu' a matar sedes treidoras
pol-o vrou cunvida e tenta.

E, sin embargo,
sei que te queixas
porq' os teus ollos
crees que t' afean.

Pois non-o creas
que cando estás enoxada
as tuas pupilas somellan
olas d' os cántabros mares
qu' entre penedos s' estrelan.

E a tua frente que se crôa
c' unha esprêndida diadema,
nevado coto ond' o dia
sua luz ultema refrexa.

E, sin embargo,
sei que te queixas
porqu' os teus ollos
crees que t' afean.

Pois non-o creas
porqu' entr' as rubias pestanas
e preto d' as sies somellan
bioches d' esmeiralda e d' ouro
q' un branco armiño suxetan.

ALBERTO G. FERREIRO.

Ourense Xulio de 1885.



CARREIRAS DE BURROS.

N-o videiro mes d' Agosto celebraranse en Ourense os festexos con que o Concello d' a vila d' as Burgas agasalla ó seu patrono titular san Roque.

Cuásque todol-os anos son o mesmo, e non hay cousa que mereza pol-a novedá, que os forasteiros fagan un viaxe.

Xigantes escalazados, foguetes botados con cativez como si se lle botase millo á páxaro; fachadas que mais alampán que locen; música que ralla mais que prace; farolillos qu' entristecen mais que alumán, y-algús grobos que nin fumes teñen pra rubir, tales son as festas de san Roque que viñeron á menos en Ourense como os fidalgos d' o faramello.

O TIO MARCOS D' A PORTELA, cobizoso de que a cibdá onde naceu conquira as relembranzas de qu' é merecente, acordou anunciar pol-a sua conta unha carreira de burros, que si as autoridás non s' apoñen, celebrarase o quinze d' Agosto ás cinco d'a tarde, dende a Horta d' o Concello hast' Alameda d' o Cruceiro.

A maiores d' o cobizo de presentar en Ourense un espetáculo novo qu' entreteña e faga rir, campa n-este pensamento un espírito de xusticia que latixa en todol-os celebros, pero que non s' estreven á poñer en pranta os que rixen o coto, pra se veren libres de que a crítica lle saya ó camiño dicindolles que fixeron unha *burrada*, en troques d' as que fan á miúdo n-a ademinstación d' a causa pública, que anda á mal traguer e que xa non se dí qu' está deixada d' a mau de

Dios, porque hast' os pequerrechos d' a escola saben entre que maus s' alcontra.

N-o sigro d' a *Protectora d' os animais e das prantas*, n-os tempos en que hast' os cabalos teñen hospitales n-as grandes vilas, n-a época en que moitos sin seren burros, pero que non pecan de sabidos, trunfan, brillan e gobernan, e son tidos por xenios, xusto é que s' erga unha voz pr' aldraxar o desleigamento d' os que sin parecelo, sono, pra c' os que non-o son anque o parecen; pra que os que levan lanvita paren mentes n-os que gastan albardas.

Os burros, que son n-a nosa terra unhos animaliños que traballan moito e comen pouco, que axudan ós homes n-as suas angueiras, que viven condanados á levaren a carga, namentres outros que teñen os meolos d' a mesma feitura levan grandes cruces e campan polos seus respetos, que sinten riba d' as suas costas a vara d' o arrieiro, namentres que outros que andan n-o mesmo trote, sinten n-a mau a vara con repinicas bolras. ¿E qué mais? ¿Non é a leite de burra unha meiciña pr' a secura de moitas enfermedás? ¿Non-a recetan os médicos? ¿Non son os burros os descendentes d' a bíblica burra de Balan? ¿Non fuxiu en burro pra Exipto a sacra familia? ¿Non medran agora todol-os que son burros? ¿Non xogaron os burros n-os tempos novos e n-os tempos vellos, agora o sempre, validosos papés n-a sociedá?

¿Non hay carreiras de cabalos, e non se dan grandes prémios ó que mais corre?

¿Pois por qué mil xuncras non ha de haber unha carreira de burros?

Carreiras hainas pero non se ven, non se fala d' elas, e pol-o mesmo, fundado n-estas consideraciós de alta xusticia com' outras, e pra galardon d' a casta que n-a escala animal ten tantos nomes e dinos representantes, convócase á unha carreira de burros, á xeito d' as bases que siguen:

1.º A carreira de burros celebrarase en Ourense o quinze d' Agosto de mil oitocentos oitenta e cinco dende as cinco d' a tarde en diante.

2.º Todol os burros que cobicen disputalos prémios, presentaranse aparelados ás catro e media d' a tarde n-o rpresso que hay n-a Horta d' o Concello diante d' a Diputacion provincial, n-a compaña d' os seus dônos ou encargados de dirixilos n-as carreiras.

3.º Unha comision especial disporá os turnos por parexes e axudicará os prémios en xusticia.

4.º O fallo d' o tribunal será sin apelación pra se diferenciar d' outros que a teñen.

5.º Axudicaranse douce prémios: un á parexa de burros que ande mais, y outro á parexa de burros que ande menos, c' o gallo de que non haxa como de costume rifas ou disputas por custiós de mais ou menos.

6.º O promeiro prémio, á parexa de burros que ande mais, consistirá n-un ronzal con agaradeira de prata, un cuartal de cebada, diploma d' honor, media arroba d' herba, nembramento de burro escollido pol-o Tio Márcos e pu-

bricacion en folla por separado d' os méritos e servicios, alzada, anos e domicilio d' o agraciado.

7.^a O segundo prémeo á parexa que ande menos, consistirá en facerlle ós donos d' os burros escritura verbal pór diantetestigos, de lles pagar as ferraduras que gasten n-un ano, darriles á cada un un peso n-unha roda e canto viño queiran beber n-a fuliada de san Roque.

8.^a Os donos d' os burros irán montados d' acanchaperna, e farán o viaxe d'ida e volta dende a Horta d' o Concello á Alameda d' o Cruceiro.

9.^a Dinantes d' escomenzar as carreiras de burros, daráselle á cada dono unha peseta pra herba.

10. Non serán admitidos ás carreiras, os burros que teñan amatas ou que á xuicio d' o tribunal non sirvan pr' o casó.

11. Non serán tampouco admitidos por respetos ó órden público, aqueles que orneen moito y-a miudo.

Agradecereille ós pedaneos, que son os que mais impostos están n-estas cousas, que se sirvan daren aviso ós donos d' os burros d' as suas parroquias, pra que s' entieren d'este anuncio.

AS LAXAS D' UN CURENSAO

N-O FOLION D' OS REMEDIOS.

Recordos d' Azara.

Veiriña d' as mansas ondas
que esconden metal rubiño,
n a orela esquerda d' o Miño
sentado n-o cespe mol,
vístesme hoxe esvagoando,
romeiros que à festa vindes,
cando raxaba n-os lindes
occidentales o sol.

A noite foise chegando
y-o meu penamento fondo
desgarrábame n-o estrondo
d' o relumbrante festin.

Mentras n-o alto ruxiron
artificiales estrelas,
eu as pálidas meixelas
con vágooas humedecin.

¡Ay mundo, maldito mundo!
dixen engurrando a frente,
ninguen entre tanta xente
se coida d' o meu door.

Nada, romeiriños, nada
importan as miñas penas.
¡Mais importan as moxenas
d' o foguete fuxidor!

Agora desparecido
o folion, voso encanto,
d' o meu caladiño pranto
perguntades a razon.

Renovarsi, anque os ollos
se me arreguen como han doito,
a historia que n-o meu loito

é miña consolacion.

Vós, namorados ausentes,
¿non é verdá que calmades
as teimudas soledades
falando d' o voso amor?

¡Ay! mora lonxe, muy lonxe
o imán d' o meu cariño...
Oídemel un instantiño,
sentaivos ó meu redor.

Non vos riandes oindo
que un xenio defunto adoro,
nin vos riades si choro
porque tan tarde nacin.

¡Nacera en tempo d' Azara!
que a mina nación non vira
aldraxada: él non sofrira
os que hoxe d' ela se rin.

¡Azara!... Azara á quen toda
Europa respeto tiña!...
¡Azara, d' a patria miña
pai cal non será ningúen!...

A solo un chorro d' Azara,
o estranxeiro tremia
y-a dura testa rendía
cal xato n-o recadén.

¡Barbuñales, Barbuñales!
O ceo te destinara
á ser o berce en que Azara
infantiño se arrolou.

Aquel teu vástagos lindo
foi d' os seus mestres encanto
alá n-a pátria d' o santo
que o fero Dacian tostou.

Víuse que Azara lucía
sobre os demás en talentos,
cal roseira sobre os fentos
n-a estacion primaveiral.

El foi polastro con froles
y-los outros co-él comparados,
cogordos anafagados
sumidos n-o tremedal.

A pouco mais de tres lustros
as bolras ten o pequeno
y é letrado sendo neno,
sin ter barbas é doutor.

Salamanquinos y-oscenses
veneran ó graduado.
y-era o rapaz sinalado
por onde quera que for.

Cando d' él soupo o monarca
que as artes favorecia,
d' a sua secretaría
mandou que fose oficial:

Como seu nome se estende
cal luz que ó nacente asoma,
n-un brinco téndelo en Roma
noso axente xeneral.

Alí o mozo entre os ancianos
de enfurruñada esperencia,
descubriu mais habilencia
que político ningun;
meteu a paz en Europa
atento ó comun proveito,

cando revolto sin xeito
iba todo á bultuntun.

¿Quén viu erguidos enxames
que pelexando n-o vento
dan con fungador acento
noticia d' o seu furor?

As abellas unhas n-outras
morden con duras entrañas
y-o chau ven como as castañas
que vareou o labrador.

Y-o colmeeiro atisbando
a crespa fungante nube,
sobre un balado se sube
con sábia serenidá.

Y-entre o monton que se azuza,
tira un puñado de terra
y atalla a fervente guerra
cal o norte a tempestá.

Nin mais, nin menos: Europa
en zaragatas fervía;
cada manate quería
n-outro manate morder.

Os dentes se remangaban
mandarís de barbas tesas,
todos se tiñan ás mesas,
querian todos valer.

O resultado de tanta
encristada fanfurriña
seria rodar aixiña
todos eles pol-o chao.

A loita como os enxames
algun tempo sosterían,
mais n-o fin d' ela serian
mosquiñas n-o fin d' o vrao.

Azara sabe salvados
d' o furacán que os ameza,
fai que cada un amoleza
sin azuzador motín.

Lonxe de nós, repetía,
a esterilizante guerra,
criará frutos a terra
criando as armas orín.

Xosé d' Austria un caramillo,
lixiero de cascos, arma,
tamen o duque de Parma
y-o de Toscana tamén.

Azara con sábea sorna
como o outro co-as abellas,
mete paces, desfai crellas
y-atalla o bélico tren.

Cando o indómito almallo
Napoleon Bonaparte
prantar o seu estandarte
n-o chao de Roma tentou;

Surtíulle Azara ó camiño,
y-atrás facendo volvelo,
nin se esgrimiu o coitelo
nin o cañón estoupou.

O lume afogou d' as iras
cen veces de igual maneira
cando empolante tuleira
era cada corazon.

Fale Rusia, fale Italia,

fale a sua España querida,
fale a Francia envanecida,
fale a cobizosa Albion.

Acataron todas elas
d' Azara o saber profundo;
foi Azara a paz d' o mundo,
eternamente dirán.

¿E con qué ardor ós ibeiros
librou d' a ingresa rapiña?
Non garda tanto a galíña
os pitos d' o gavilan.

Vós, d' o meu choro testigos
y-amantes d' a hispana gloria
quon vos encanta a memoria
d' o aragonés doutor?

Botai de conta romeiros
que nada dixen ainda,
faltavos d' a historia linda
oir o mais y-o mellor.

Atendei. Pero... ¡ay!... de novo
o meu dolor me atormenta,
d' angustia o peito reventa
e fén dese o corazon.

¿Por qué non hay outro Azara
n-a miña nacion querida?...
Romeiros d' a miña vida
xa non sigo a relacion.

As vagoas a cara empolan,
os saloucos ponme rouco...
y-eterno chorar é pouco
por tí, divino español.

Adios romeiros: eu voume
disfremar as penas fondas
ali veirinha d' as ondas
sentado n-o cespe mol.

XOSÉ GARCIA MOSQUERA.



A Cánovas amolécelle a médula espinal.

A Romero Robredo metéuselle a medites colérica hastra n-a cana d' os hosos.

Silvela ten unha indixestion de sentido xuídico.

O xeneral Quesada debeulle cair o galillo,
porque cuase que non fala.

A Cos-Gayola soltóuselle a tarabilla n-os consumos.

Pidal inda non dixeriu o rancho d' o Seminario e tenno acambaldo n-o figado.

Vamos, entroulle a forricaxe ós nosos gobernantes.



Quéixase un periódico de que os gardas de portas s' apuxesen á qu' entrase n-a vila un carro de virutas sin pagar direitos.

¡Ora! ¡Nin que foran bobos! Bò fora que lle deixaran meter a viruta.



Un sangrador fai de médeco d' os probes n-a Gudiña.

Non é cousa de peligro: xa os probes non teñen pinga de sangue n-o corpo.

Que pinche canto lle praza, que o coiro téñeno duro e sangue non-a soltan. Zugárcenlla ben os zumezugas d' o Concello.



¿Qué faría a Maripepa
d' os Agros d' o Carballiño
Ó pé d' unha cepa
que non deu mais viño?
¡Ten bemoles a cuestión,
o caso é pra cavilar!
¿A qué non quere contar
o que sabe o Falparrón?



Un tendeiro ambulante de paños tomou unha enchenta de cereixas en Monforte; sobre d' as cereixas botou dous netos de leite e pra que o leite non se ll' acedásse n-o estómago bebeu tres copas d' ese soliman que por acó lle chaman caña.

A tal facer estoupou com' unha croca, e como n-o dia non pensan as xentes mais que n-os microbios, deuse en correl-a sona de que morrera d' o cólera.

Fuxiron d' o morto e queimáronlle a roupa.

Pra enterralo víuse o señor alcalde n-o caso de faguer emprego d' a forza. Os agarrantes botaron un saco de xofre valeiro pol-a cabeza dempois de lle facer á cada un dous buratos pra que os ollos visen por onde camiñaban.

Nin qu' estivéramos n-o antroido.

Van acabar os microbios por nos volveren tollos.

¡Cando eu digo que d' esta emposta énchese o manicomio de Conxo!



—¿A donde camiñas Xan?
—Vou de cara as Augas Santas
—Logo seica te ofreciche
pol-a mor d' unhas tercianas.
—Home non, foi que lle din
n-o san Alberte palabra
de lle surtir á Farruca
á noite n-a fuliada.
—Pero xiquer de camiño
botarás un trago d' auga.
—Direiche, non penso n-elo,
mais bebereina si cadra,

pois vouche por beber viño
e por andar de parranda.



O derradeiro domingo houbo a festa de san Benito en Redondela.

¡Qué de viño non beberían os mozos, que un d' eles caíu espatarralado n-o turreiro, y-outro estreveuse á darlle un bico á unha rapaza, dian-te por diante de testigos e n-o medio e medio d' a rua d' Alfonso XII!

O cortexo d' a rapaza anoxouse e por un pou-co non arma unha de paus ó ver como se ll' al-cenderon as meixelas ó anxel d' os seus amoriños; pero asosegouse cando lle dixeron que non fixese caso, que o tal iba chispo, que facía as cousas sin coneceimento e que podería ser que puxera os lá-beos n-a cara d' a rapaza coidando que fose un pelexo.

—Sendo así morra o conto —escramou o Tenorio, e non foi á botar un vaso c' o d' o bico, por-que a rapaza, que non ten nada de barafulleira, non-o deixou.

O que caira n-o turreiro disculpou a zoupada dicindo que se lle barrera a vista e que pensou que se volvera neno e que se lle prantara a Coca diante d' os ollos.



Quen-o víu contoume que n-a sancristía d' a catredal entreténense os monecillos en cubrir re-cibos d' a contribucion territorial.

Anque o calor abafa estámosche frescos. ¡Has-tra n-as sancristías alcontra Cos-Gayola quen ll' axude á espremer ós labregos!

Pero xa cayo n-a conta. ¿Non somos paganos?
¿Non é Pidal ministro de Fomento?

Pois logo é xusto que nos tiren á dar dende as sancristías.

Propoño que os recaudadores axuden á misa en troques d' o que por eles fan os monecillos.



Embargáronles ós concexales suspensos d' o Auntamento d' a Bola pra lle pagaren ó médeco, entr' outras cousas unha burra vella.

Non houbo n-alcaldía quen a mercara, y-un fidalgo de Celanova arrematouna en quince pesos.

O dono d' a burra xa non-a deixara n-o mon-te pra que a comesen os lobos, en atencion ós servicios qu' emprestara n-a casa, pois segun contan, xa o bisaboo d' o concejal se puxera d' acanchaperna n-ela cando era pequerrecho.

Enteirouse d' estas condicíos o que a mercou e convencido de que fixera un negocio de podri-caño, aponse á soltar as cadelas e négase á recoller a burra, temendo, non sin causa, que non mereza a herba que coma.

Agora pergunto eu, ¿quén se quedará co-a burra vella embargada? ¿Os concexales suspen-sos, os novos concexales ou o médeco Lezon?

Os concexales suspensos xa deixaron que ll' a

embargasen por boa, e promeiro deixarán que os aforquen dinantes de collela pol-o ronzal. Os novos concessales, entretidos en remexer as trécolas d' a miuda política d' a Bola estarán mais pol-os burros que pol-as burras; y-o médeco Lezon como s' alcontra cheo d' enfermos probes ten que canear moito e necesita un cabalo d' alentos.

Pra que a subasta d' a burra non quede n-o aire, ¿non hay por esas terras quen teña mentes de facer un viaxe à Meca?

A ese convenlle adequirir a burra vella d' a Bola.

Os que pr' aló viaxan *van por burras* e volven... como cadra.

¡XA... XA... XA!...

D' a sua crisis o Goberno saliu poucos dias fai; Romero Robredo foise pra poder baños tomar, non saíu porque o botara a voluntá nacional; o de Marina afogouse, e non s' afogou n-a mar; pero en troques n-a poltrona quedou tan teso Pidal, amasando aquelas masas que honradas chamando van, seica porque foron feitas d' o millo d' os sacerdistás. Abofellas que os que mandan dándonola á feito van, e lévannos tanto a contra, e lévannos tanto alá, que ningúén sabe nin venta pr' onde iremos á parar. Andan os probes labregos cuase espídos e sin pan e miles pol-os consumos obriganos á pagar; sede sentimos e fame de xusticia e libertá, e cando as pedimos danno tiranías á rabiar; si nós andamos pra diante, eles recúan pr' atrás, e provócanos á guerra cando vivimos en paz. Anque se funda o país que cuasque fundido vay, anque toupe o que traballa que cuasque toupando está, anque a agricultura, as artes y-a industria morran á par, ós que mandan, ¿qué mil xuncras nin que rayos se lles dá? Com' eles vivan. ¿qui' importa anque morran os demais? É padricular en deserto, ou porse á lua á ladrar, pedirlle ós que nos gobernan proteucion, traballo e pan,

que os que non cobran e pagan non teñen direito á mais que á ver medrar ós que cobran baixando eles á pagar. Eso pensan y-eso sinten, eso aduanan e fan, por mais qu' outra cousa digan cando falan por falar, eso é maña d' os Gobernos que nos cadran por acá. Soster o contrario d' esto é música celestial. ¿Qué velan pol-o país? ¡Xá... xá... xá!...



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. V. G., Vilagarcía.—Recibin seis reás pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. A. E. L., Cruña.—O mesmo.

D. F. X. P., Oya.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. M. A., Castro Caldelas.—Recibin seis reás pol-a sua suscricion hastra fin do Xulio.

D. F. C., Alais.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscricion hastra fin de Xunio d' o ano que ven.

D. L. X., Redondela.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. F. B., Monforte.—O mesmo.

D. A. M., Humoso.—Recibin nove pesetas pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Febreiro d' o ano que ven.

D. A. T., Valdeorras.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. A. C., Cacabelos d' o Bierzo.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. E. de C., Valdeorras.—Recibin dez reás pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' este mes.

D. L. C., Viana.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' Agosto.

D. F. F., Viana.—O mesmo.

D. X. A. H., Mondoñedo.—Recibin unha libranza de seis pesetas, tres pol-a sua suscricion hastr' os derradeiros d' este ano e tres pol-a de don M. R., d' esa vila hastra o mesmo tempo. Ten razon d' abondo n-o que me di. Calquera s' engana.



O TIO MARCOS D' A PORTELA PARRAFOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páxinas en folio, contendo artículos de costumes, poesías, esemérides, cantares e contos d' o país gallego.

SUSCRICIÓN

Seis reás cada tres meses.

ADMINISTRACIÓN

Alba, 15, Ourense.

—O pago d' as suscripcións é por adiantado.—Os números soltos vénense á dez centimos de peseta.
—Os pagos faranse en letras d' o xiro.

COMPETIDORA D' A NEVE FRABICA DE GASEOSAS,

OURENSE—Rua de San Miguel, 16, baixo, conserxería d' a Union—OURENSE

GR

Non terlle medo a raxeira
d' o sol, nin tampouco ó cólera
namentres haxa n-a Union
os sifos de gaseosas;
con levar n-a faltriqueira
dez cadelas en dez rodas,
pidir un sifon, e darlle
a un gancho que ten á volta,
pol-o canuto dianteiro
sai un auga que consola,
é fresquiña como a neve
anque parés que afervoas:
fai ó bebelá, n-os labeos
non sei que xuncras de cóxegas,

que parés que os anxeliños
as maus n-os poñen n-a boca;
tanto n-os refresca e prace
cando pasa pol-a gorxa,
que asemella a auga d' o ceo
que por embudo n-os botan,
e cai d' un xeito n-o estomago
qu' o refrixera e conforta.
Non houbo un home n-o mundo,
que bebendo gaseosa
mórrese de indigestión
ou sentise a sede loba,
porque vos é unha bebida
que com' ela non hay outra